

# 27 SETEMBRO

## FOLGA ESTUDANTIL INTERNACIONAL



### O capitalismo

# MATA

### O PLANETA

## Necesitamos unha REVOLUCIÓN

A loita que a mocidade protagonizou estes meses constitúe a acción máis importante contra a catástrofe ecolóxica e os seus responsables: o sistema capitalista, as grandes multinacionais e os gobernos ó seu servizo. Folgas estudiantís, manifestacións, concentracións e ocupacións multiplícanse por todo o mundo para rexeitar a hipocrísia dos políticos que durante anos celebraron “cumios do clima”, aparentando unha sensibilidade medioambiental da que carecen, mentres permiten que se siga destruíndo a natureza e envelenando o aire que respiramos e os alimentos que comemos.

Para asegurarse beneficios sen límite, unha minoría de magnates e empresarios non dubida en arrasar o planeta ca complicidade de Trump, Bolsonaro e o resto de gobernos. Os datos dino claramente: o 71% das emisións de CO2 no mundo son producidas por 100 grandes empresas e o 10% dos millónarios máis ricos son responsables do 49% das emisións globais.



## A gran mentira do “capitalismo verde”

Agora, estes políticos do sistema tratan de sumarse ó carro do “verde” para asimilar o noso movemento e desposuílo do seu carácter anticapitalista. Pero o sucedido este verán co desxeo de Groenlandia ou os brutais incendios que están destruindo a Amazonia, demostra que non podemos confiar neles nin nas súas institucións.

Tampouco en moitos dos partidos verdes que, cando participaron en gobernos como os de Irlanda ou Alemaña, pregáronse ós intereses empresariais e apoiaron os recortes sociais e as privatizacións.

No Estado español, o Goberno do PSOE fala de poñer en marcha unha “axenda de transición ecolóxica”. Pero estas bonitas palabras non se corresponden ca realidade: durante anos no poder concederon todo tipo de privilexios ás industrias máis contaminantes. Se Pedro Sánchez quere loitar de verdade contra o cambio climático debería empezar por nacionalizar inmediatamente as empresas eléctricas e do sector da enerxía para que sexan públicas e baratas. Deste xeito poderíase garantir un transporte público, de calidade e gratuíto, dando pasos serios para acabar ca contaminación medioambiental.

## Defender a natureza transformando a sociedade

A mobilización pola supervivencia do planeta non só atangue á mocidade, e non está separada do resto de reivindicacións sociais e educativas polas que pelxamos nestes anos. Por esta razón tamén apelamos ó conxunto de sindicatos de traballadores a que se sumen á loita e convoquen unha folga xeral de 24 horas.

Salvar o planeta require rematar ca ditadura que os grandes monopolios exercen sobre a produción mundial, e establecer a planificación da economía de xeito racional e respectuoso co medio ambiente, garantindo o pleno emprego, salarios e servizos públicos dignos. Só acabando ca opresión capitalista e construíndo unha sociedade auténticamente democrática e baseada na xustiza social, unha sociedade socialista, poderemos preservar a natureza e libraros da catástrofe que nos ameaza.

Por iso o 27S desde o Sindicato de Estudantes chamamos a toda a mocidade á folga estudantil e a encher as rúas nas numerosas manifestacións que organizaremos pola mañá en todo o Estado, levantando un movemento ecoloxista, anticapitalista e revolucionario.

# Manifestacións ás 12 h.

**VIGO: Farola Urzaiz | FERROL: Edificio Xunta**

**LUGO: Edificio Xunta**

**OURENSE: Subdelegación do Goberno**

[www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net)